

África aínda non existe para Roxelio. Axiña escoitará este nome. Logo o meterá no baúl das esperanzas cabo do riso da súa amada. Entre os mapas, onde se acubilla canto se perde, canto se amou e case se esqueceu. Existe unha ruta que conduce aos desertos, aos palmeirais, aos reinos perdidos, ás raíñas desexadas e asasinadas, aos profetas de deuses brillantes, aos soños tecidos entre sedas e esmeraldas... Cartas de navegación, cartografías cobizadas: África.

O mundo coñecido, as congostras de barro, os muros da casa, o balbordo do mar, a brétema permanente e esa sensación de abafado ao respirar un aire viciado por medos sen nome, transformaranse cando Roxelio soñe con África. E a dor terá un saíbo a riso, o de Lisseta. Mesmo lle faltan anos para chorar manseliño sobre uns versos aínda descoñecidos.

*Noiva miña
vestida de lúa...
Senteime a proa
fumando a miña pipa.
Pero outra noite pensarei en ti.*

De momento corríca ofrecendo merendas en troques de apertas, co corazón atecido pola friaxe e sen saber o que lle falta, tan só notando o peso dun inmenso oco nalgún recanto da alma. O amor e mais a dor brillan na noite coma os cairos dun lobo ao axexo, un lobo famento. Entrementres, a curuxa vixía e os cativos dormen ignorando a súa esculca.

Camiñamos, durante anos, ignorando o abismo. Un día, tan só durante un segundo, sentimos os nosos pesos a aboiar sobre o inferno.

Roxelio sospeita que a súa familia garda un segredo. Un segredo escuro, capaz de volver mudos os que poderían contalo. Aos nove anos, dez dentro duns días escasos, o mundo dos adultos pode resultar tan confuso coma un libro escrito noutro idioma. Todo o arroupa o silencio coma unha segunda pel e todos viven o pesadelo de seu sen apenas se rozar: a tía Josefina encerrada no cuarto; un pai case prófugo no seu cuartel; un avó inmóbil e mudo coma un lagarto seco; as confusas explicacións de Cándida ou de Leal xunto coas olladas ríspetas e fuxidías da veciñanza... Pistas que non logra descifrar.

Habita nun xardín no que se sente preso. Un xardín onde agoniza de tristura unha princesa cuxa face poucas veces dexergou. Un xardín no que case

non se escoitan risos e mesmo os pardais andan encollidos.

A tía Xosefina, encerrada tras as fiestras de dous balcóns, canta estrañas cancións os domingos pola mañá; a avoa aperta os beizos e maldí entre oracións a filla descarreirada que tenta profanar a santa misa dominical. A tía tamén escoita ópera nunha vella gramola e chora. Máis que nada chora e mira cara aos neboentos ceos coma se agardase a chegada de alguén capaz de romper os cadeados do seu encerro.

—Pobre da tola! —borboriña Cándida, a vella criada, namentres lle serve a merenda—. Coitada —engade.

—A loucura é contaxiosa? —pregunta Roxelio.

—Oxalá! Mellor tola que mirrada en odios e vinganzas —contesta. Logo aperta os dentes arrepenida das súas palabras porque os muros tamén espían.

Un novo enigma para Roxelio, unha pista sen saída. En canto bosquexan unha explicación, os adultos agóchanse e ata se persignan coma se o demo vixiase.

—Daquela, por que non me deixan vela?

—Cala a boca!

E non haberá máis respostas. Cándida presente a vixilancia da avoa ás súas costas malia que escoite os seus pasos e os golpes do seu bastón nos cuartos superiores. Roxelio recolle o seu pan con doce de marmelo e decide partillalo cos pardais.

Cando sae ao patio da casa, do seu lombo colga unha ollada coñecida. Dende os seus balcóns, a tía Xosefina vixía o neno que realiza dúas garatuxas de pallaso para manter o sorriso daquela tola inofensiva. Dende que ten memoria lémbraa, coa grosa parede polo medio, falándolle durante longas horas de insomnio aquelas noites intranquilas de fría soidade para acougar os seus pesadelos, cantaruxándolle arrolos ou cancións sen letra ata sabelo durmido... Xosefina é o seu anxo da garda particular, un anxo condenado a ese cárcere tan próximo.

—Dende que lle morreu a irmá. Túa nai.

Confirma Leal, criado cangado das costas, poboadas cellas que impiden ver os seus ollos, tan coxo que se balancea coma unha lancha no medio

da tormenta, cos pulmóns atoados e a cabicha dun cigarro apagado sempre pegada no labio inferior. Carrexa esterco na carretilla, que mantén un estrano equilibrio entre a coxén do condutor e as súas tres rodas, mentres a calor da carga despide un lixeiro bafo coma alento de vaca.

—Miña nai —bisba Roxelio a xeito de ladaíña.

Non a lembra; nada daquel rostro fotografado xunto a seu pai o día da voda ficou gravado na súa retina, na súa pel... A nai, morta pola súa culpa, non lle deixou nin un retallo do seu perfume nin un eco da súa voz.

—Unha señora! Tan boa, tan boa moza... —E o cigarro de Leal treme un pouco máis.

—Cristina —murmura o rapaz tratando de recobrar algún sabor no seu nome.

—Coma a princesa —retruca Leal.

Roxelio ignora se fala de princesas reais ou dalgunha debuxada nos contos, coa mirada e a coroa perdidas entre as brétemas dunha fotografía.

—Cristina —repite Roxelio.

Atragóaselle o doce de marmelo, pola lembranza da morta e pola proximidade do regreso

paterno. Uns días escasos, xusto cando faga dez anos, o 19 de febreiro —nuns días!—, volverá ao pazo, vestido de militar, coas botas relucentes, a ausencia do brazo esquerdo e a mirada perdida nunha lembranza descoñecida para Roxelio.

—Un heroe! —repite a avoa incansable—. Ese brazo deullo á patria para limpala de roxos e mais de ateos. —Os ollos metálicos da vella miran para o teito onde fica encerrada e allea a tía Xosefina.

E el non pode queixarse nin dicir que ben preferiría un pai a un heroe remoto que case non lle fala e mira para el coma se non lograra distinguir o rancor da tenrura entre os sentimentos fronte ao fillo.

—Quéreme? —preguntou tantas veces que xa carece de sentido.

—Éche un santo, teu pai. Mellor gárdalle respecto e déixate de trécolas. —Escoitou como resposta inmutable de cada vez a través dos beizos finos e resecos de Palmira, súa avoa.

Para esa muller arroupada en loitos e rosarios, os asuntos do corazón son parvadas, croios perigo-

sos no recto camiño da vida. Tenta adiviñar, mentres segue os pasos escorados de Leal sen escoitar as súas palabras, que sentirá a avoa por aquela filla encerrada no cuarto, condenada a vivir tras as cortinas e cuxa única visita permitida é a do médico, don Tirso, unha vez ao mes, porque ao cura rexeita recibilo a esvaecida princesa presa na cela. Denantes, berraba ata quedar sen voz cando osmaba a sotana tras a súa porta, agora límitase a calar.

Roxelio teme que tía Xosefina perda, un por un, todos os sentidos, que deixe de cantaruxar cancións os domingos, de escoitar o gramófono que tanto lle gusta ao neno, que se volva cega para non ver as paredes repetidas do cuarto... Antes, algunha vez, escoitábaa rir, sobre todo na compañía de don Tirso; pero a alegría fuxiu do seu corpo enxoito.

O crego fai varias veces o sinal da cruz, no peito e sobre a porta do cuarto, aínda que os demos se lle resisten e por máis que Roxelio esperou ver saír colas de dragón ou laparadas de lume impío, nada agás o silencio responde ás súas cruces sobre a madeira.

Sente que lle están a piques de esvarar as bágoas e Roxelio non desexa chorar, cando menos non diante de Leal, porque logo terá que aturar as preguntas de Cándida e ata pode que a avoa vexa nel outro tolo necesitado de encerro; prefire partillar o doce de marmelo, amargo a estas alturas, coa lavandeira nova de mans encarnadas e tronante riso.

Leal continúa a falar sen decatarse da súa escapada, acaneando o seu corpo torpe e perfumando o camiño co esterco da corte; seguirá así ata a horta das verzas porque, segundo teima, non che hai argueiro que as deixe máis vizosas. Roxelio escapa de Leal, da sombra do pazo e dos seus medos buscando o lavadoiro de ladrillo e tella negra.

—Ola —saúda o rapaz ante a soidade da muller no lavadoiro húmido e frío—. Estás soa?

—En días coma hoxe, só vimos as pobres. —E seca as mans na saia escura. Por veces déitanlle sangue.

—Queres? —pregunta Roxelio estendendo o manxar perante os ollos brillantes da lavandeira.

Desaparece o pan, vixiado ata a derradeira migalla, e o marmelo amarelo que se apega

nos dedos torpes, encarnados e magoados da muller.

—Tes boa sorte, rapaz! —pregoa Lola, a lavandeira, sempre famenta e sempre lavando na roupa do casal.

—Pantrigo e marmelo... Que bo che debe ser nadar entre cartos! —afirma Lola mentres bate as sabas contra a pedra do lavadoiro.

—Podo traerche máis.

—Cando?

—Vouno buscar.

Roxelio ben quixera mercar afectos con pan e marmelo, pero só lle serve con Lola ou coa cativada da escola, aínda que vai pouco á escola, que sempre atopa escusas súa avoa para impedirlle o descanso de xogar con outros rapaces.

—Teu pai hate levar axiña a un bo colexio, alá na Coruña, un colexio para fillos de militares. Alí deprenderás a ser un home de ben, que dos piollosos da escola nada bo has sacar.

Resoan as palabras da avoa coma ameazas inaprazables, coma pedras contra o fráxil cristal do seu corazón. A sombra de Palmira e o seu bastón

vixía mesmo as pedras do camiño. Non quere marchar. Por iso, de cada vez que se anuncia o regreso do pai, teme que Cándida lle prepare a maleta e que o afasten de tía Xosefina, aínda que xa non fale a través da parede, aínda que cada vez sexan menos frecuentes as súas loucas cancións dos domingos e o gramófono non conte coa compañía da súa voz. Cando menos ela acaríñao coas súas palabras.

Corre de volta ao pazo coa urxencia dun aloumiño sobre o seu rostro para non morrer de ausencias.

Antes de entrar, apóiase contra o pozo e tenta recuperar os folgos. Cándida latrica coas galiñas: é a hora de alimentar os porcos, as churras e os coellos, un dos momentos máis agradables para a criada; rodeada de animais séntese en lugar de seu, aínda que non podería falarse de afecto, nin de compaixón: cando lles retorce o pescozo e as despena para guisar mantén o mesmo xesto feliz. A fame non permite luxos de sensibilidade, cébaas para que lle sirvan de mantenza.

—Pitas, pitas, pitas..., bonitas, bonitas.

Roxelio acordou rastrexar na despensa para ofrecerlle a Lola un gorentoso agasallo. Ten visto como a mesma Cándida, cando recolle os pesados fardos de roupa lavada, lles engade aos céntimos do xornal algún extra de alimento: touciño, patacas, pan...

—Ai, meus pobres, canta desgraza! —suspira a criada cando ve a rapaza afastarse contenta coa comida e os céntimos tinguileando no peto do seu mantelo.

Roxelio nunca ten moi claras as desgrazas. Igual serven para falar de fames que de mortes ou enfermidades, que para referirse a terribles segredos de familia, coñecidos e silenciados en igual medida. A desgraza parécese ao aire, está por todas partes e só se percibe cando arrastra os corpos ou levanta follas caídas. Na casa rica na que vive todo resulta negro non sendo o pan, pan amasado con esa fariña branca que chega dende o poder de seu pai: o heroico capitán cuxos servizos se pagan co trigo requisado noutras leiras.

Recolle, sen reparar demasiado, todo o que pode apreixar, mentres continúa a chamada de

Cándida polos animais e o resto da casa vive no pesado mutismo sempre obrigado a esas horas do rosario imposto por Palmira, obsesionada coas doas de acibeche que esvaran polos seus dedos finos e engarfados. Roxelio aprendeu a descifrar as diferenzas entre os silencios: o de seu avó é de pedra, sen asomo de vida; o de súa tía, de medo dondo, coma quen loitou ata perder todas as forzas; o de Cándida, de temeroso respecto, de animal ventando os paus sobre as costas; o seu, de pánico ante a posibilidade de que lle ripen os escasos afectos, case máis inventados que reais, cedidos a cambio de pan con marmelo. O de Palmira é un mutismo de tumba.

E outra vez corre cara ao lavadoiro, na procura dun sorriso, con sorte, dun aloumiño, pode que dun bico fugaz; Lola dállos algunha vez. Chega sen folgos, feliz e coas fazulas ardendo. Se cadra pode mercar o cariño con pan.

—Deucho Cándida? —pregunta Lola cos ollos arregalados, limpando na saia a humidade das mans para non estragar a comida.

Roxelio nega coa cabeza; os pulmóns, a piques de estoupar, non lles levan aire ás palabras.

—Pero —Lola tapa a boca—, ben, non creo que túa avoa che berre por algo que a ela lle sobra —Repasa coas puntas dos dedos o anaco de bola, a graxa do touciño...—. Ai, como te imitas a túa nai!

O vermello das fazulas e a culpa a escintillar nos ollos da lavandeira impídenlle a Roxelio preguntar por aquela descoñecida, súa nai, cuxa bondade anda nas falas da xente. Logo, Lola repásalle o queixo coas súas mans torpes e deposita un bico con sabor a humidade na súa fazula dereita.

—Anda, vaite, que teño ben que facer! —E arremeda un enfado para evitar a emoción dalgún recordo—. E grazas.

Ao rapaz tortúrao a certeza de que ninguén poida querelo por ter sido quen guindou a súa nai ao pozo da morte; tan só súa tía mantén xestos clandestinos de agarimo, coma se mesmo a ela lle estivese prohibido. Coloca a man na fazula para reter a calor daquel bico e logo simula unha tose áspera porque os homes non deben emocionarse. Súa avoa repíteo acotío.

Camiña engorde pola corredoira do monte, córrenlle silandeiras as bágoas. Inevitables. De

socate, enxúgaas coa manga da chaqueta, escoitou un choro sen vergonzas, sen esconderse e busca por entre a maleza... Andrés chora sen recato, sorbendo bágoas e mocos, encollido sobre si.

—Andresiño —bisba Roxelio pousando unha man sobre os ombros tremelicantes—. Que tes?

Andrés volve os ollos inchados cara ao rapaz da casa grande, ese que come todos os días e ten botas e vai á escola cando lle peta...

—O porco —tenta recomporse; talvez se lle conta a súa desgraza ao rapaz rico poida evitar a desfeita...—. O condenado do porco...

—Que foi?

—Que papou o muro de barro e liscou...

Volven o tremelicar e mais os choros. Roxelio non entende; os porcos da súa casa viven nun cubil de pedra...

—Por que?

Andrés encolle os ombros; como se lle explica a miseria a quen come decote?

—Por que liscou? —repite o rapaz da casa grande, se cadra o cocho tampouco non se sentía querido.

—Pola fame, abofé —Andrés suspira—. Papa o barro do adobe por mor da fame e lisca para buscar algo no monte... Miña nai hame matar...

Regresa o pranto desolado porque nin sequera o rapaz rico poderá evitar o roñazo desesperado de súa nai.

—Non, ho; as nais non matan. —Tan só morren, pensa, mais non di tal.

—A miña si —afirma contundente Andrés.

—Podemos buscalo —propón o rapaz rico.

Andrés mira para as botas de Roxelio, logo os seus pés rabuñados e descalzos, que as alpargatas se visten o día que toca ir na igrexa.

—Ben, se cadra ti podes.

E deixa o destino do seu futuro noutras mans.

—Anda, vamos. —E pásalle o brazo polo ombro descarnado.

Roxelio séntese estraño fronte ao resto dos cativos, alguén descoñecido, talvez a longa sombra do seu casal pintou un muro entre eles e mais el. Mira para as botas sentindo algo semellante á culpa; cala porque leva toda a súa vida sen dereito a preguntar.

—O mellor será —trata de recuperar a afouteza fronte ás bagullas de Andrés— volvermos ao cortello e ver onde levan as pegadas.

Como faría un buscador de malvados no afastado Oeste, leuno nalgures. Andrés cala e obedece. Xa ten garantido o desgusto de súa nai e mais os apuxóns. A probable ameaza da fame non logra asustalo; non lle acorda ter endexamais o estómago cheo. Pero súa nai tiña soños coa venda daquel porco, falaba dun billete e dunha pasaxe en barco, de abandonar a escachelada casa pola que os ventos cruzaban a vontade... Dóelle estragar o feitizo daquel soño.

Camiñan en silencio coa concentración exclusiva dos nenos sen infancia. Viven nun país onde todo, agás a dor e a culpa, está prohibido.

A poucos pasos do muro desfeito, o famento porco sonea satisfeito: a excursión serviu para esquilmar tubérculos nalgunha leira de ricos e agora regresa ao lugar coñecido porque descoñece o seu futuro.

Andrés esquece o susto, a axuda de Roxelio, as bagullas moqueadas e fai saltar o seu medo, a súa carraxe, a súa propia fame, entre insultos ao cocho

e couces no seu ventre satisfeito. Despois, busca unha corda e átao ao limoeiro que esmorece por falta de sol, por morriña dunha primavera imposible entre aquelas brétemas.

—Xa verás cando veña madre!

Recrimina o marrán sinalando o seu fociño coa unlla renegrida do furabolos, convencido de que tamén o animal teme as iras da pobre viúva coas mans encarnadas e a alma esgazada.

—Marcho —decide Roxelio.

—Vale.

Andrés prefire que súa nai non o atope na compañía do rapaz do pazo, «nada bo trae a compañía dos ricos», adoita repetir a xeito de ameaza soterrada.

Coa biqueira das botas boas, Roxelio bate contra as pedras e as raíces. No fondo, ben quixera romper aquel feitizo no que se sabe apresado, pero nin sequera atopa palabras para nomealo.

Faltan tres días para o seu décimo aniversario. Será xa tempo de ingresar naquel colexio para fillos de militares?

—Se ela puidese... —musita erguendo a vista ata a fiestra de tía Xosefina. Algunha vez ten escoi-

tado os seus berros contra a avoa, «a el non mo quitarás! Queres arredalo para que morra, pero hei seguir viva, viva e chea de odio. Non consentirei que leves o meu neno a ese lugar onde o envelenarán ata convertelo nun dos vosos».

Chámalle «o meu neno» e escoita como lle fala polas noites, coa boca apertada ao pé da parede que os separa, case non logra entender as súas palabras, pero esvaran coma o mel sobre a súa soidade; sen elas morrería de puro desazo. Continúa sen entender quen son «os vosos», coma se pertencesen a familias diferentes, coma se aquela ladaíña dos bandos se repetise na súa casa. Se cadra en todas as casas.

O calendario da cociña, amarelado polos fumes, sinala 1947, Oitavo Ano Triunfal. Sobre os números un aguerrido requeté de camisa azul e boina escarlata ondea unha bandeira vermella e amarela. Quixera ser ese home afouto e seguro, coa mirada perdida nalgunha remota batalla, as botas relucentes e o sorriso sereno. Quixera que o 19 dese mes fose suprimido... Quixera.

—Xa andas outra volta nos biosbardos —A voz de Cándida sobresáltao—. Non, se xa o dicía

miña nai: tanto luxo e tanto folgar non traen nada bo.

Roxelio sobe as escaleiras, necesita abrazar a almofada, talvez contarlle o que ninguén quere escoitar. Diante da porta de tía Xosefina frea e achega a fronte contra a madeira escura. Ignora que, nese mesmo segundo, a muller escribe unha nova carta, de número imposible de cifrar:

Queridísimo Xoán: canto te sigo a estrañar! Que os anos me van poñendo enferma de soidade e morrería sen ti de non existir este pobre anxo desvalido que pronto fará dez anos. Tantos, meu amor, como os que levo gardando loito por ti...

Roxelio non percibe os silentes pasos do avó que, ás súas costas, contempla a escena do neno enfebrecido e triste, apoiado sobre a porta na que Palmira condenou a maior das fillas á máis arrepiante das mortes. Aperta os puños e as unllas deixan marcas de sangue nas palmas das súas mans.

Os segredos deixan restos de sangue. As mentiras poden ser mortais.